

A verdade íntegra de *Todo es mentira*



ARMANDO REQUEIXO
armandorequeixo@hotmail.com



TUDO ES MENTIRA
PEDRO RAMOS
Trifolium, 2014.
17,10 euros

Pedro Ramos acaba de publicar na coruñesa Trifolium *Todo es mentira*, novela de subtítulo tan suxestivo coma equívoco: 'La vida fácil de BernardMadoff'.

Porque, se ben é certo que o célebre estafador bolsista é unha presenza constante no libro, tamén é verdade que, no fondo, acaba por resultar unha escusa narrativa para que se nos relate o que en realidade importa: a vida do personaxe protagonista, as súas angueiras e preocupacións, as reflexións e pensamentos sobre a identidade propia, o sentido e dirección do seu existir e a súa complexa relación co corpo social, cos conxéneros, nunha palabra: o ser e a(s) súa(s) circunstancia(s).

Todo es mentira (título tirado dunha canción de ManuChao) é unha novela que principia como testemuño paradigmático dos estragos que o evanescente mercado bolsista pode causar no actual contexto de crise global e deriva, sutilmente, cara a algo aínda máis profundo: o autoquestionamento identitario, a indagación sobre o sentido de conceptos como os de felicidade, xustiza ou solidariedade.

Non sería franco se dixese que a visión que do mundo e das cousas reflicte *Todo es mentira* é amable. A novela é calquera cousa menos un conto rosa, pois a diatriba aceda e non pouco sarcástica estáben enraizada no seu adn. É máis, en non poucos treitos o narrador protagonista (que a medida que avanza o relato vai sendo cada vez máis autor protagonista con inequívocas trazas de autobiografismo) compórtase como un recalitrante escéptico, imbuído ata a medula dun descrecemento tal que, por veces, fai do nihilismo a súa bandeira.

Doutra parte, *Todo es mentira* é



Imaxe do autor de *Todo es mentira*

"En Ramos hai unha clara vontade de estilo, unha voz moi particular que aborrece o obvio e se castiga na busca de razóns últimas. O puramente argumental, o sucedido polo sucedido non é senón unha pantalla..."

ao tempo un inmenso campo de probas ou laboratorio novelístico, pois, como se dun inmenso contedor se tratase, neste libro vai integrándose de todo: dende letras de cancións ata anacos de tratados de filosofía, dende poemas ata fragmentos artísticos, mesmo as fotografías e os insertos publicitarios teñen tamén o seu lugar, o que fai da obra un cóctel multixenérico no que se teselan materiais diversos sen solución de continuidade.

En Ramos hai unha clara vontade de estilo, unha voz moi particular que aborrece o obvio e se castiga na busca das razóns últimas. O puramente argumental, o sucedido polo sucedido non é senón unha pantalla, un fogo de distracción do que realmente importa: a vida mesma e as súas razóns, o errático camiñar de quen namora e desnamora coa mesma velocidade coa que se enriquece e cae na ruína, un ser tan fráxil e resistente á vez que abraia pola autenticidade que transmite.

A relación do individuo coa masa

social, os fundamentos e valores que moven as xentes, a revisión do espazo de liberdade persoal respecto da tiranía do mercado son outros asuntos verbo dos cales é posible extraer máis preguntas novas ca respostas neste narrar con ganchos directos de dereita cos que golpea, páxina tras páxina, Ramos, un novelista xenuíno, que non pretende parecerse a ningún e, por veces, mesmo o consegue, unha maneira de ser e estar incómoda para burgueses e mercenarios, pois o cinismo que destila non ha ser prato de bo gusto para moitas conciencias das que os remorsos poden facer presa.

Atrevéndome a contradicir a máxima que dende o propio título se anuncia, créanme se lles digo que é verdade que *Todo es mentira* paga a pena. O cabeato que faltaba a Pedro Ramos para que, tras a publicación no 2006 de *Masculino singular*, a súa presenza autorial cobrase o pulo debido e a máis prometedora das proxeccións.

letras Atlánticas



Envíanos tus fotos de felicitación, comidas y cenas familiares, de empresa, etc... a nordesia@diariodeferrrol.com